CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, elementos de estilo e valores éticos e estéticos das obras		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona; obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Participa na creación de proxectos artellando vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos de intención literaria a partir das obras lidas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e os medios de comunicación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto. - Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.

Contidos

- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto, con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.
- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

UD	Título da UD	Duración
5	Séculos Escuros e Rexurdimento	22

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Identifica o sentido global dun texto, discriminando a súa estrutura e a información relevante	PE	60
CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica a estrutura dun texto especializado así como o sentido global do mesmo		
CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora con espírito crítico o contido de textos complexos e analiza a calidade dos mesmos		
CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	Produce textos académicos coherentes, cohesionados e adecuados ao currículo, atendendo á situación comunicativa do destinatario. Revisa as propias producións		
CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Enriquece textos de produción propia, revisándoos e corrixíndoos para que sexan precisos léxica, ortográfica e gramaticalmente		
CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Produce traballos de xeito autónomo en diferentes soportes, seleccionando e contrastando información		
CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.	Discrimina as noticias falsas tanto das redes sociais como doutros contornos dixitais mediante pautas de análise, contraste e verificación		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global e a estrutura así como a intención do emisor en escritos especializados, principalmente académicos		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Avalía a calidade e fiabilidade dos textos e da canle utilizada así como dos elementos integrantes da comunicación dos mesmos		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Le de xeito autónomo obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono e explica de xeito argumentado unha reflexión sobre o propio itinerario lector		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos de intención literaria a partir das obras lidas.		
CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa, corrixe e enriquece textos de produción propia a partir da reflexión metalingüística		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Distingue a calidade dos textos orais segundo a canle utilizada e os procedementos comunicativos empregados	TI	40
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Produce exposicións orais argumentativas gardando as convencións propias de cada xénero discursivo		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Interactúa activamente gardando a súa quenda e respectando as producións alleas		
CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, elementos de estilo e valores éticos e estéticos das obras		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Argumenta a súa experiencia persoal, lectora e cultural utilizando unha metalinguaxe para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona e obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Participa na creación de proxectos artellando vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e os medios de comunicación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto. - Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.

Contidos

- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto, con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.
- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía utilizada nas aulas réxese polos seguintes parámetros:

Utilización de metodoloxía activa e interactiva con variación de estratexias de acercamento ao tema tratado (recursos audiovisuais, textos de diferentes tipoloxías, audicións, cuestionarios). Exposicións moi breves, nomeadamente puntualizacións e aclaración de dúbidas, na presentación dos temas, salvo en momentos en que se precisen explicacións máis extensas.

Realización de actividades e traballos na aula por parte do/a alumno/a sobre cada unha das tarefas presentadas para facilitar a súa asimilación.

Proposta de actividades e reflexión sobre o abordado, a realizar polo alumnado. Posterior corrección ou resolución de dúbidas.

Realización de actividades de aprendizaxe colaborativa.

Utilización dos recursos relacionados coas TICs para fomentar o seu uso e manexo adecuado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Libros de texto (Lingua Galega e Literatura 1ºBac. Consorcio Editorial)

Utilización de metodoloxía activa e interactiva con variación de estratexias de acercamento ao tema tratado (recursos audiovisuais, textos de diferentes tipoloxías, audicións, cuestionarios). Exposicións moi breves, nomeadamente puntualizacións e aclaración de dúbidas, na presentación dos temas, salvo en momentos en que se precisen explicacións máis extensas.

Realización de actividades e traballos na aula por parte do/a alumno/a sobre cada unha das tarefas presentadas para facilitar a súa asimilación.

Proposta de actividades e reflexión sobre o abordado, a realizar polo alumnado na casa. Posterior corrección ou resolución de dúbidas.

Libros de lectura propostos para o nivel (voluntarios)

Material didáctico elaborado polo departamento ou o/a profesor/a en particular.

Encerados dixitais, canóns, reprodutor de CDs e iPod, blogs (biblioteca, profesor/a), cámara de vídeo dixital e gravadora de son.

Páxina web do IES , Abalar e Aula Virtual .

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial utilízase para detectar deficiencias de formación e coñecementos a nivel individual, e así poder establecer un modelo de actuación rápida e tamén para ter unha información básica do coñecemento instrumental básico que cada alumna ou alumno ten da materia, as súas fortalezas e debilidades, adaptado ao seu nivel. As xuntas de avaliación inicial de principio de curso serven para contrastar esta información parcial de cada materia e obter unha información máis completa e global de cada alumna ou alumno.

Será norma deste Departamento realizar unha valoración inicial que poderá incluír modalidade escrita e/ou oral.

O contido da mesma estará en relación cos coñecementos que se lle supoñen adquiridos ao alumnado que entra no nivel.

O departamento conta con modelos de actividades para avaliación inicial por niveis con anexo de autoavaliación. Estas serán entregadas para a súa realización polo alumnado a principio de curso. Non serán cualificadas numericamente e terán efectos meramente informativos.

Poderá recoller os seguintes aspectos adaptados ao curso:

Lectura

Ditado (nos primeiros cursos da ESO)

Comprensión oral e escrita

Produción de textos orais e escritos axustados a un contexto
 Manexo de conceptos relativos á cultura, historia da lingua e da literatura galega
 Manexo das normas básicas de ortografía e gramática
 Actitude cara á materia

Nos primeiros cursos da ESO tamén se poderán incluír exercicios de busca de información (en papel ou non), manexo de dicionarios (en papel ou non) e manexo de ordenadores.

No caso de detectar problemas individuais ou colectivos tentarase facer una valoración das necesidades a ter en conta, que terán que ver con aspectos coma os seguintes:

A nivel individual consultarase os informes de cursos pasados de docentes e Orientación sobre problemas coma dislexias, dificultades de concentración, de comprensión lectora, de redacción ¿ que tentarán ser solventados co reforzo e apoio necesario na aula ou fóra dela. Os resultados da avaliación previa servirán de referencia para a adaptación do currículo ás esixencias de cada alumna ou alumno.
 O alumnado con necesidades especiais terá un seguimento individual e un reforzo adaptado ás súas características.
 O alumnado con altas capacidades terá una adaptación individualizada de acordo ao seu nivel de aprendizaxe.
 A nivel colectivo realizaranse traballos e tarefas encamiñados a paliar problemas xerais como a mellora das técnicas de lecto-escritura, a elaboración de esquemas, o razoamento abstr

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	20	10	25	25	100
Proba escrita	80	62	56	61	60	64
Táboa de indicadores	20	38	44	39	40	36

Criterios de cualificación:

A avaliación concretarase nos seguintes criterios:
 Coordinación entre o profesorado do Departamento didáctico.
 Posta en práctica dos acordos asumidos.
 Validez dos acordos para resolver problemas e necesidades.
 Aparición de problemas ou necesidades non previstas que esixan ser consideradas.
 Validez dos acordos para alcanzar os obxectivos establecidos.
 Adecuación da temporalización marcada para as unidades didácticas.

Consideramos que a avaliación é un proceso complexo do que os pais/nais e alumnado debe ter a máxima información.

Recollemos nesta programación aqueles aspectos que observaremos como docentes pero tamén queremos esforzarnos en que pais/nais e alumnado, teña unha documentación sinxela e asequible pola que poida facer un seguimento deste proceso. En cada avaliación, as e os alumnas e alumnos reciben unha información clara e precisa sobre as poderacións das diferentes probas que se levarán a cabo.

Os aspectos xerais que observaremos por alumno/alumna serán os seguintes:

- Uso do galego oral como lingua vehicular.

- A actitude na aula, en relación co grupo, coa materia e a propia lingua, tendo en conta a participación con propostas ou preguntas pertinentes, as mostras de interese por aprender... O alumnado con dificultades para expresarse en galego, deberá manifestar ao longo dos trimestres esforzo e progreso, incluída a utilización do galego como lingua vehicular nas aulas

- As tarefas e probas orais e/ ou escritas

Teranse en conta a coherencia na exposición, a utilización correcta do rexistro, o grao de coñecemento de vocabulario esixible en cada nivel e as faltas de ortografía.

- O traballo diario: atención activa ás explicacións, participación activa e construtiva, reflexión individual posterior, realización das tarefas e interese na resolución das dificultades.

- Lecturas de obras/fragmentos por avaliación. A avaliación das lecturas poderá basearse en actividades de diferente natureza (probas orais e/ou escritas, traballos de investigación) que se especificará por grupos e trimestres.

- As intervencións de aula.

- A evolución na traxectoria académica.

- Faltas de ortografía: Recóllese aquí unha orientación. A clasificación de faltas de ortografía leves e graves, especificarase na clase a cada grupo froito das avaliacións iniciais.

Como punto de referencia para tratar as faltas de ortografía seguiranse os seguintes parámetros, os cales, por outra banda, axústanse aos marcados nas probas das ABAU.

Considéranse faltas graves:

A valoración por regra xeral, será a seguinte:

Os tiles diacríticos.

As faltas b/v; h/0, maiúsculas ...

Os castelanismos sintácticos, léxicos ou semánticos.

Erros graves na utilización dos signos de puntuación que inflúan na comprensión do texto...

Considéranse faltas leves:

Resto dos tiles

Dialectalismos da zona

A ortografía incorrecta de palabras moi cultas ou de moi pouco uso.

Realizaranse tres avaliacións ordinarias e unha final, esta última para o alumnado que non consiga superar a materia.

En cada avaliación realizarase un exame ou dous sobre os contidos explicados na clase. Os exames poderán incluír aspectos teóricos e prácticos relativos aos contidos traballados en cada avaliación. Tanto nas respostas teóricas como na práctica (comentario de textos, preguntas de comprensión lectora, estrutura e elaboración persoal de textos de diferente tipoloxía...) será valorada a corrección gramatical, así como a coherencia e a cohesión na lingua escrita do alumnado. Por erros graves nestes aspectos (textos mal estruturados, rexistro de lingua inadecuado, falta de comprensión no aprendido -debido a unha aprendizaxe puramente memorística-, exceso de erros ortográficos, na acentuación e na puntuación, etc, o alumno/a poderá ver reducida a súa nota.

A actitude na aula, asistencia á clase, puntualidade... teranse en conta para o redondeo de notas ben de maneira positiva ou negativa.

A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación das unidades didácticas abrangidas nel.

Para o cálculo da cualificación ordinaria do curso, farase a media aritmética das notas medias dos tres trimestres (sempre tendo en conta a progresión na aprendizaxe).

Para superar a materia, o alumnado deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior tendo en conta o conxunto de actividades de avaliación (e recuperación no seu caso).

Alén diso, recordamos o indicado máis arriba sobre as incorreccións lingüísticas que terán repercusión na avaliación sobre todo das probas escritas.

Cómpre salientar que cando existan fundadas sospeitas, plenamente confirmadas, de que houbo algún tipo de irregularidade en calquera proba realizada polo alumnado, a nota da devandita proba será 0.

Criterios de recuperación:

O período abranguido entre a terceira avaliación ordinaria e a avaliación final dedicárase a actividades de apoio, reforzo, consolidación e recuperación e non se impartirán novas unidades didácticas. Nese sentido, para o alumnado que teña contidos da materia sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, artellaranse medidas encamiñadas á recuperación das unidades didácticas non superadas.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O departamento presenta varias vías para a recuperación de materias pendentes do curso anterior. Distinguimos entre ESO e BACHARELATO.

- Vías para a superación de materias pendentes (durante o curso) en BACHARELATO:

O alumnado coa materia pendente de 1º de Bacharelato poderá superala unicamente mediante probas:

Convocatoria de febreiro: de oferta obrigatoria e realización voluntaria. A proba será da totalidade da materia

Convocatoria de maio: de oferta e realización obrigatoria para aquel que continúe a ter a materia pendente. A proba será da totalidade da materia

- Vías para a superación de materias pendentes (durante o curso) na ESO:

Mediante probas:

Convocatoria de febreiro: de oferta obrigatoria e realización voluntaria. A proba será da totalidade da materia

Convocatoria de maio: de oferta e realización obrigatoria para aquel que continúe a ter a materia pendente. A proba será da totalidade da materia.

Superando as dúas primeiras avaliacións do curso actual ou o curso actual en xuño

Mediante a realización de actividades: de contidos mínimos e realización correcta, completa e con entrega nos prazos establecidos. A non entrega do primeiro bloque de actividades en prazo, entenderase como que non se acollen a esta vía.

Os prazos exactos serán comunicados ao alumnado implicado pero por regra xeral coincidirán co seguinte:

1ª bloque: coincidindo coa 1ª avaliación do curso.

2ª bloque: coincidindo coa 2ª avaliación do curso.

O Departamento de Lingua e Literatura aconsella a realización das actividades que se entregarán voluntariamente ao alumnado de ESO que o solicite. A súa realización será voluntaria. As actividades propostas irán encamiñadas a facilitar a adquisición dos contidos mínimos do nivel a recuperar.

13.2.- ATENCIÓN DE PENDENTES:

O Departamento de Lingua e Literatura ponse a disposición do alumnado coa materia pendente a través da profesora de referencia do curso actual. A profesora buscará o momento máis adecuado para atender ao alumnado que o requira.

Os alumnos e alumnas deberán asinar un escrito mediante o que acreditan coñecer os requisitos para aprobar as materias pendentes.

13.3.- PROCEDIMIENTO PARA A INFORMACIÓN A ALUMNADO E PAIS/NAIS/TITORES-AS LEGAIS

Os pais/nais e/ou titores/as legais serán informados da evolución académica dos seus fillos/as, a través dos boletíns das avaliacións do curso actual. Esta cualificación será polo menos, numérica, mais poderá ir acompañada dun informe do profesor/a de referencia.

O Departamento entregará ao alumnado coa materia pendente, entre outubro e principios de novembro, a seguinte información e documentación:

Criterios de avaliación de pendentes.

Actividades de pendentes, de ser requiridas polo propio alumnado.

Acuse de recibo que deberá ser asinado polo/a alumno/a coa materia pendente; e polo pai, nai ou titor/a legal. O documento será o seguinte:

Departamento de Lingua e Literatura
Curso académico 20...

O/A alumno/acoa(s) materia(s) pendente(s) de..... (nivel/ niveis) foi informado/a polo/a seu/súa profesor/a actual....., sobre os requisitos para aprobar a(s) materia(s) pendente(s).

Asinado:

A Laracha,de..... de 20...

O pai/nai/ titor/a legal do alumno/a coñece os requisitos para aprobar a materia(s) pendente(s) de Lingua Galega e Literatura.

Asinado:

A Laracha,..... de..... de 20...

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

6. Medidas de atención á diversidade

Se houber alumnos con necesidades educativas especiais incorporárase á programación a adopción das medidas que se establezan, logo de coordinar co Departamento de Orientación.

Á parte de medidas especiais propostas polo Departamento de Orientación, e tendo en conta os resultados da avaliación inicial, deseñaranse:

- Adaptacións curriculares.
- Actividades de reforzo para aqueles/as que teñan algunha dificultade.
- Actividades de ampliación para quen o precise.
- Tamén se terá en conta ao alumnado con altas capacidades, que terá un seguimento individualizado procurando ofrecerlle actividades estimulantes adaptadas ao seu nivel de aprendizaxe.
- En caso de ser necesario, tamén se terá en conta a posibilidade de establecer contratos condutuais.

Para que todas estas medidas queden recollidas e sexa fácil a súa difusión sobre todo entre as familias, o departamento deseñou o documento que se achega.

SEGUIMIENTO DO ALUMNADO CON NNEE:

a.- MEDIDAS DE REFORZO:

Os documentos que recollen as medidas de reforzo individualizadas postas en marcha custódiense no Departamento de Orientación.

En xeral as medidas serán as seguintes:

- Seguimento individualizado durante o curso
- Probas adaptadas a cada necesidade específicas:
 - * Destacar as palabras clave
 - * Tamaño de letra axeitado
 - * Espazos en branco para respostas
 - * Máis tempo para a resolución das probas
 - * División das probas en partes
- Adaptación da metodoloxía :
 - * Lecturas específicas
 - * Exercicios específicos
- Adaptación dos instrumentos avaliación:
 - * Probas orais
 - * Entrega de traballos individualizados

b.- ADAPTACIÓN CURRICULARES:

Os documentos que recollen as AC individualizadas postas en marcha custódiense no Departamento de Orientación.

c.- ATENCIÓN A ALTAS CAPACIDADES:

Dado que se presenta alumnado con altas capacidades ou que roza as altas capacidades, o Departamento propón as seguintes medidas:

- Seguimento individualizado
- Proposta de actividades que poidan resultar estimulantes:
 - * traballos de investigación
 - * obradoiros literarios
 - * traballos a partir de lectura de libros
 - * propostas de participación en concursos

- * aprendizaxe cooperativa
- * exposición de traballos de investigación
- * proposta de traballos de creación literaria
- * material diverso para os mesmos contidos
- * diferentes formas de avaliar os mesmos contidos

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X		X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X		X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X				
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X				
ET.7 - Educación emocional e en valores	X		X	X	X
ET.8 - Creatividade	X			X	X
ET.9 - Igualdade de xénero	X		X	X	X
ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X		X	X	X
ET.11 - Pluralidade (lingüística)	X		X		

Observacións:

O Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 1º de bacharelato, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Amais dos elementos transversais indicados anteriormente, segundo o artigo 19.2, «promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social [...] e a pluralidade». Por último, «evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero».

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Recitais poéticos, espectáculos teatrais	Realización de diferentes concursos literarios en colaboración con outros departamentos		X	
Roteiro histórico pola Couña	Realización dun roteiro pola casa de Emilia Pardo Bazán e da Real Academia Galega. Lévese a cabo en colaboración cos departamentos de Castelán e Xeografía e Historia	X		
Roteiro botánico-lingüístico polo río Anllóns	Realízase en colaboración co departamento de Bioloxía			X

Observacións:

. A concreción destas actividades reflectirase na correspondente acta do seminario á que remitimos para obter información concreta sobre este apartado.

Con carácter xeral, o Departamento acostuma sumarse a todas as actividades que conmemoren eventos de interese relacionados coa materia de LG e Literatura, como pode ser a celebración do Día das Letras Galegas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.
Metodoloxía empregada
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
3. Revisa con frecuencia os traballos propostos na aula e fóra dela
6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.
Medidas de atención á diversidade
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.

Descrición:

A reflexión sobre a propia práctica docente é a mellor vía posible de formación permanente. Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso de ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro que permitirán recompilar información e poderanse utilizar para corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

Do mesmo xeito, todos estes datos formarán parte da memoria final.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e de cualificación serán avaliados unha vez ao mes. Comprobaremos se os materiais e os recursos utilizados son os adecuados, e en caso de observar algunha deficiencia ou inadaptación, ofertaremos novos procedementos que poidan ser máis eficientes.

Creemos que a nosa relación co alumnado, o intercambio de opinións ou valoracións pode resultar enriquecedor. Neste punto o proceso de autoavaliación por parte do profesorado será unha constante, reflexionando sobre a adecuación

dos obxectivos didácticos e a selección de contidos, a pertinencia das actividades propostas, a secuenciación seguida na súa realización, a adecuación dos materiais empregados, o nivel axeitado de interacción entre o alumnado e o clima comunicativo que se establece na aula.

Farase unha análise cualitativa dos resultados obtidos e tomaranse decisións que poden afectar á programación establecida. Calquera cambio substancial farase constar en acta.

En cada trimestre, farase unha recollida de datos de alumnado avaliado positivamente e comparárase cos resultados obtidos en cursos anteriores.

Esta recollida de datos, reflexións e propostas de mellora, serán recollidas en acta.

9. Outros apartados